



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, E A FUNDACIÓN FEIRAS E
EXPOSICIÓNS DE LUGO, PARA FINANCIAMENTO DE GASTOS RELATIVOS Á
CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, NO PAZO DE FEIRAS E
CONGRESOS DA CIDADE DE LUGO**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación Feiras e Exposicións de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, para o financiamento de gastos correntes en que incurra a fundación na realización de accións de promoción comercial a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, no recinto feiral do que é titular a fundación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona, actuacións que se concretan fundamentalmente en feiras, certames e exposicións. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública porque as accións de promoción comercial dos produtos e sectores galegos a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, obxecto deste convenio, realizaranse unicamente no recinto feiral do que é titular a devandita fundación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 8 de agosto de 2016.

